

Desempeño ambiental de SOGAMA

Tendo en conta o establecido no Artigo Sexto da Circular 1/2018, de 18 de abril, da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, considérase **renovable** o 50 % da enerxía neta xerada na Planta Termoeléctrica do Complexo Medioambiental de Cerceda, así coma o 100 % da enerxía neta producida na Planta de Biogás do Vertedoiro Rexeitamentos de Areosa. Esta consideración contribúe a reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), ao **substituír unha parte significativa de combustibles fósiles por recursos enerxéticos de orixe renovable** na produción eléctrica.

Así mesmo, o proceso de separación de materiais reciclables levado a cabo nas instalacións de SOGAMA tamén contribúe a diminuír as emisións de GEI. Ao **reincorporar materiais reciclados na economía circular**, evítase o uso de materias primas virxes de orixe fósil e o consumo enerxético asociado á súa produción.

Como resultado, e segundo os últimos cálculos verificados da Pegada de Carbono de **SOGAMA**, a actividade da entidade **permitiu evitar a emisión de 93.893 t CO₂ equivalentes**.